



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Agosto 2017


Santiago de Compostela, 06 de outubro de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Agosto 2017

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en agosto de 2017 un incremento do 1,3% con respecto a agosto de 2016, mentres que a nivel nacional o crecemento foi do 2,2%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 2,8%, os bens de equipo un 2,5% e os bens intermedios un 5,3%; pola contra a enerxía diminuíu un 7,1%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden a “confección de roupa de vestir” e a “fabricación de produtos metálicos”, que achegan 1,7 puntos cada unha e a “industria da madeira e da cortiza” que achega 0,8 puntos a taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan a “producción de enerxía eléctrica” que resta 1,7 puntos seguida da “industria da alimentación” e da “fabricación doutro material de transporte”, que restan 0,8 puntos cada unha delas a taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Agosto 2017



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de agosto de 2017 en Galicia acadou unha taxa interanual do 1,3%, minorando en 5,7 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (7,0%). En España rexistrouse un avance do 2,2%, mellorando en 0,2 puntos a taxa acadada no mes anterior (2,0%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 2,8%, o que suma 1,0 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un avance do 2,5%, o que achega 0,4 puntos a taxa interanual.
- Os **bens intermedios** creceron un 5,3% cunha repercusión positiva de 1,4 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que cunha taxa de -7,1%, resta 1,5 puntos a taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de xullo de 2017, por destino económico, os bens de consumo empeoran 5,6 puntos, os bens de equipo empeoran 8,5 puntos, os bens intermedios empeoran 1,5 puntos e a enerxía empeora 8,6 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas a taxa interanual de agosto foron a “confección de roupa de vestir” e a “fabricación de produtos metálicos”, que achegan 1,7 puntos cada unha; e a “industria da madeira e da cortiza” que achega 0,8 puntos a taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas, as máis salientables foron a “produción de enerxía eléctrica” que resta 1,7 puntos seguida da “industria da alimentación” e da “fabricación doutro material de transporte”, que restan 0,8 puntos cada unha delas a taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 11,1% de Cantabria e o -11,2% de Navarra. Ademais de Cantabria, presentan crecementos interanuais superiores a media estatal: Aragón (10,0%), Murcia (8,8%), Cataluña (6,8%), Balears (6,3%), Castilla - La Mancha (3,3%) e Comunitat Valenciana (2,9%).

IPI agosto 2017 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Agosto 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	84,9	1,3	0,5	--	--
Bens de consumo	125,0	2,8	5,3	1,0	1,5
Bens de equipo	50,8	2,5	0,0	0,4	0,0
Bens intermedios	82,6	5,3	4,0	1,4	1,1
Enerxía	93,8	-7,1	-9,9	-1,5	-2,1
España					
Xeral	82,1	2,2	2,0	--	--
Bens de consumo	88,1	1,5	0,8	0,5	0,2
Bens de equipo	63,5	2,0	0,9	0,3	0,2
Bens intermedios	76,9	4,6	4,4	1,3	1,4
Enerxía	102,9	0,2	1,1	0,0	0,2

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Agosto 2017

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderación
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	1,3		0,5		
Confección de roupa de vestir	23,1	1,7	16,3	0,9	5,3
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	20,3	1,7	12,5	1,0	8,7
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	23,7	0,8	17,6	0,7	3,8
Fabricación de bebidas	2,6	0,2	4,0	0,2	3,6
Outras industrias manufactureiras	48,6	0,2	9,9	0,1	0,4
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	5,2	0,1	5,4	0,2	3,5
Industria do papel	3,7	0,1	3,7	0,1	1,8
Outras industrias extractivas	8,0	0,1	-8,2	-0,1	1,7
Fabricación de material e equipamento eléctrico	5,7	0,1	4,8	0,1	1,2
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	3,0	0,0	25,3	0,4	2,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	0,5	0,0	-3,1	-0,2	4,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	0,3	0,0	0,4	0,0	5,0
Industria téxtil	8,1	0,0	16,0	0,0	0,2
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-0,4	0,0	1,4	0,0	3,2
Industria química	-0,7	0,0	4,5	0,1	1,5
Fabricación de mobles	-2,1	0,0	11,5	0,2	1,6
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-4,4	-0,3	2,6	0,3	11,4
Industria da alimentación	-4,3	-0,8	0,9	0,1	12,1
Fabricación doutro material de transporte	-33,2	-0,8	-40,1	-1,3	6,7
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-10,4	-1,7	-13,8	-2,5	14,7
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Agosto 2017

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	82,1	2,2	2,0
Galicia	84,9	1,3	0,5
Andalucía	91,6	0,6	2,8
Aragón	87,2	10,0	4,0
Asturias	80,8	0,2	6,0
Balears (Illes)	111,2	6,3	3,2
Canarias	98,6	-1,5	0,4
Cantabria	92,5	11,1	7,4
Castilla - La Mancha	88,1	3,3	1,9
Castilla y León	65,4	-11,1	-6,2
Cataluña	85,6	6,8	3,1
Comunitat Valenciana	87,0	2,9	2,9
Extremadura	107,7	-7,1	0,2
Madrid	70,0	2,2	1,5
Murcia	93,7	8,8	7,4
Navarra	72,8	-11,2	0,6
País Vasco	66,9	-1,3	1,7
Rioja (La)	68,1	-1,0	-6,2

Fonte: INE